

Brumas de silencio

A traxectoria poética de Manuel M. Romón confirma o seu dezoito por abrir novos espazos expresivos e, asemade, o seu decidido evolucionar, sempre transgredindo territorios xenéricos, formulas preestabelecidas e retóricas obsoletas. Poeta Rompente nos inicios –ebrio de silabarios aturbados, damas falantes, galletas kokoscha e upalás varios–, a súa voz é moi outra xa dende hai ben tempo, adquirindo fondura e rexistros de grande amplitude en títulos como *Anaí* (1983), *Miniaturas* (1987), *Nadir* (1996) e, sobre todo, o beckettiano *Et finira le jour de son commencement* (2000).

A espiral da palabra, que non cesa, alcanza agora a Romón con *Poesía barata*, poemario breve –trinta composicións, moitas delas de menos dunha ducia de versos– no que se dan a man o Eros de delicada suxestión e a evocación dun cotidianismo salferido de epifanías.

Hipnóticas harmonías



ARMANDO REQUEIXO

Unha poesía de xogos iterativos, anafórica. Versos de entreluces, de sombrizos espellismos e luzadas nas brétemas do serán ribeiro. Ollares de escéptica comprensión, de aluaxes insospeitadas e amores silandeiros.

Nos textos do vigués nada se ve, todo se mira na revelación do íntimo, dos interiores nunca transparentados pola máscara, a persona etimolóxica, ese eu fuxidío que nos habita e tantas veces ocultamos aos demais. A fugacidade do instante simbolicamente adensado, ponte de aceños onde as palabras caen derrotadas, silencios cósmicos, apertas insubmisas, procuras na memoria, nos arredores da mudez, vertixes glaciais, rigores da distancia, ventos ávregos e a solidez da pedra, “o berro da pedra

sempre por diante/ da palabra neutra”.

Nada, pois, de barato hai nesta poesía, desposuída de gangas. Si, pola contra, lúcidas reflexións verbais (velaí o poema “Escollía palabras refugadas...”, a meu ver do mellor do libro), insinuantes visións amoratorias, sucesos súbitos, miradas que arriscan decisións, marés de anacos minúsculos inzados de ausencias.

Ler *Poesía barata* é deixarse asolagar nunha hipnótica harmonía de anadiploses, concatenacións e epianadiploses, inzar de arcanos solitarios, semánticas de pedra de toque, gurgullar de oxímoros e antíteses. Porque o oficio do poeta non é senón un incessante fabular de “incendios/ e declives” e Manuel M. Romón deita decote unha “mirada ustoria” coa que ir abrasando devagar “o deserto branco do papel”.

ROMÓN, Manuel M.
Poesía barata, Col. Tambo,
Pontevedra, 2006, 65
páxinas.

